

CONTRIBUCIÓN DA C.M. DE PEITIEIROS Á SOLUCIÓN DO PROBLEMA DOS RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS CCMM Peitieiros

A sociedade do benestar, xerada no primeiro mundo occidental, tendeu a ocupar un papel modélico e globalizador no desenvolvemento das sociedades humanas do século XX. Unha das primeiras consecuencias foi a degradación do medio ambiente, primeiro pola ocupación do terreo e, posteriormente, pola eliminación dos residuos urbanos xerados polo consumismo.

Nos planos de desenvolvemento urbano e metropolitano contemplábase a recollida e retirada do lixo, pero non se contemplaba como, nin onde depositalo, e deste xeito os residuos urbanos aparecen no rural, que non tiña nin recollida nin eliminación, o “se converte” nalgúns casos en almacén dos residuos. Así, antes do ano 1983, moitos montes comunais convertíanse nun rosario de montañas de lixo por todos os lados, baixo das pontes, nas vagoadas, etc. A parroquia de Peitieiros en Gondomar non foi menos, comezando a acumular o lixo procedente de todo o concello de Gondomar nun recinto que nun primeiro paso foi valado e pechado para evitar o desperdigamento dos restos por todo o monte.

A posta en marcha da Comunidade de Montes como xestora do monte evidenciou o problema e tratou de levalo a unha situación controlada, pero apesar das esixencias ao concello para que eliminara esa lacra ou, como mal menor, dotara a instalación dun mínimo de infraestrutura, a situación non mudaba.

A partir dos anos 90, na medida da presión da Comunidade de Montes, o valado foi reformado, canalizouse un regato que baixaba polo medio do vertedoiro e construíuse un dique de vertido. Aínda así o vertedoiro ardía continuamente xerando unha morea de residuos volátiles perigosos procedentes de plásticos e cinzas, provocaba incendios nos arredores, vertía sen control escorrentías contaminantes, etc.

A partir dese momento a C.M. esixiu a sinatura dun convenio co Concello no que, ademais de compensación económica polo uso do espazo do monte que ocupaba a instalación, se contemplaban melloras na recollida, tratamento e mantemento do vertedoiro. Naquel momento, o simple mantemento do peche na súa integridade, o control do lume sobre o lixo, a eliminación dos residuos inertes ou a compactación do lixo con maquinaria era unha tarefa titánica e que se levaba a cabo polo estreito control da C.M. sobre o Concello.

A C.M. era consciente de que parte da solución ao problema da eliminación dos residuos pasaba por sensibilizar a veciñanza co tema, é por iso que nos convenios dos anos 1997 a 2000 fixo que figurase a esixencia de maior número de colectores de lixo, a implantación de recollida selectiva, de puntos limpos ou de campañas de sensibilización, cuestións ás que se comprometía o Concello ao asinar o convenio.

Coa posta en marcha do Plan Sogama e a adhesión do goberno municipal ao mesmo a C.M. esixiu o peche do vertedoiro nas seguintes negociacións do convenio. Deste xeito e co remate do convenio do ano 2000 chega in extremis á C.M. o anteproxecto de peche. Finalmente no ano 2001 recíbese o proxecto de selado en superficie. Ambos os dous documentos foron estudados pola C.M., asesorada por técnicos especialistas na materia, e realizando propostas que modificaron e melloraron as propostas inicialmente realizadas pola Administración.

Durante o ano 2001 asínase o último convenio entre o concello e a C.M. en que se especifican as particularidades do peche, reclamando na negociación que a C.M. formase parte da Comisión de Seguimento do Selado e que este fose supervisado por técnicos nomeados pola C.M. As obras transcorren ao longo do ano 2002 mantendo un estreito control das mesmas,

sobre todo no relativo á desviación da canalización de auga que atravesa o vertedoiro para evitar que aumente o volume dos lixiviados, pois faría inviábel o mantemento da obra.

Actualmente o selado parece estábel logo de pasar o duro inverno do 2002, aínda que non se baixa a garda no relativo á vixilancia da situación do mesmo, a superficie do vertedoiro está a disposición do concello durante 20 anos, aínda que non pode ser usada con outros fins. Ter conseguido un selado firme e serio, evitar que o lixo vaia para os montes, insistir na concienciación social sobre o problema, apoiar a reciclaxe e máis evitar os vertedoiros de entullo e lixo incontrolados no monte é a pequena contribución da C.M. de Peitieiros ó problema dos residuos sólidos urbanos. Moi posibelmente non sexa suficiente, pero é o máximo que podemos facer dende o noso ámbito de actuación.